



## **CIRCULAR 147-2023.**

### **CRITERIOS PARA ASISTIR COAS SELECCIÓN GALEGAS 2024**

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

A composición das seleccións galegas será competencia da Dirección Técnica, que terá como órgano consultivo ós responsables de sector, e que terá por obxecto a convocatoria das seleccións que representen a Galicia na mellor das condicións e garantías.

A comisión técnica da FGA terá en conta os criterios de selección expostos no presente documento, establecéndose uns criterios xerais para todas as convocatorias, así coma uns criterios específicos para aquelas que así o requiran.

#### **1. Criterios xerais**

- Resultado no último Cto. de Galicia celebrado da respectiva categoría.
- Posto no ránking galego.\*
- Estado de forma e resultados nas últimas datas.\*
- Resultados do seguimento realizado dentro do PGTA.
- Regularidade e solvencia.

*\*Salvo indicación expresa nos criterios específicos, valoraranse os resultados obtidos ata dúas semanas antes do Campionato. Non se terán en conta, polo tanto, os acadados na propia semana do campionato, nin na anterior.*

#### **2. Criterios específicos**

	<b>¿Criterios específicos?</b>
<b>Campo a través</b>	SI
<b>Marcha en ruta Sub 16 e Sub 20</b>	SI
<b>Trail Running</b>	SI
<b>Probas Combinadas</b>	SI
<b>Sub 18 en pista</b>	NON
<b>Absoluta en pista</b>	SI
<b>Sub 16 en pista</b>	SI



## 2.1. Campo a Través (27-28 xaneiro)

Convocaranse un máximo de 6 atletas por categoría e sexo.

- **Sub 16 e Sub 18**
  - Clasifícanse directamente os/as catro primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
  - As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.
- **Absoluto, Sub 20 e Sub 23**
  - Clasifícanse directamente os/as tres primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
  - As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.

Remuda mixta

- A convocatoria farase en base ós criterios xerais.

## 2.2. Marcha Sub 16 e Sub 20 en ruta (25 febreiro)

Convocaranse un máximo de 5 atletas por categoría e sexo. A categoría Sub 20 pode estar composta por atletas Sub 18 e Sub 20.

Clasifícanse directamente os 3 atletas seleccionables, para cada categoría e sexo, que obteñan mellor marca no Cto. de Galicia de Marcha en Ruta, sempre e cando os tempos realizados sexan inferiores ás seguintes marcas:

- Sub 16 feminino → 31'38" (500 puntos)
- Sub 16 masculino → 27'45" (500 puntos)
- Sub 20 feminino → 57'13" (700 puntos)
- Sub 20 masculino → 51'08" (700 puntos)

As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, tendo como referencia os resultados obtidos ata o 4 de febreiro.



### 2.3. Trail Running (10 marzo)

A convocatoria farase en base ao Ránking Galego de Trail Running, con peche a 20 de febreiro.

- **Selección absoluta.**
  - Convocaranse un máximo de 5 atletas por sexo.
  - Poden formar parte da mesma atletas Sénior, Máster e Sub 23.
- **Sub 23.**
  - Convocaranse un máximo de 4 atletas por sexo (pendente de normativa RFEA).
- **Promoción.**
  - Convocaranse un máximo de 4 atletas por sexo (pendente de normativa RFEA).
  - A categoría Promoción fórmase por atletas Sub 18 e Sub 20.

### 2.4. Probas Combinadas (1-2 de xuño)

- Acudirase a dito Cto. no caso de que Galicia acade a clasificación.
- A convocatoria farase en base aos criterios xerais, tendo coma última data de referencia o 12 de maio.

### 2.5. Absoluta en pista (6 de xullo)

- A convocatoria farase en base aos criterios xerais, tendo como referencia os resultados obtidos ata o 16 de xuño.

### 2.6. Sub 16 en pista (7-8 outubro)

- A convocatoria farase en base aos criterios xerais, tendo como referencia os resultados obtidos ata finais de xullo.

A Coruña, a 28 de decembro de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**